



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

APERTURA DE PRAZO PARA A RECEPCIÓN DE DOCUMENTACION NO PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS QUE SE INDICAN E DE ACORDO COAS CARACTERISTICAS QUE SE SINLAN:

TITULO DA OBRA	PRESUPOSTO LICITACION	PRAZO EXECUCION	CLASIFICACION ESIXIDA
BARREIROS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6103 "DE TRABADA, POR FÓRNEA, A BARREIROS", P.K. 11+940-17+331 (EX0100B17AB)	438.793,39€ IVE 92.146,61€	3 MESES	NON SE ESIXE
CORGO.- VARIANTE LU-P-1602 "DE SAN CRITOBAL, POR ADAI, Á LU-106", P.K. 1+540-3+200 (EX0090B17AB)	380.826,45€ IVE 79.973,55€	6 MESES	NON SE ESIXE

CARACTERISTICAS:

1º. - ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- Domicilio: C/ San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo
- Dirección onde se pode consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: na páxina web da Plataforma de Contratación do Sector público, (<https://contrataciondelestado.es>), á que tamén se accede dende a páxina web da Deputación de Lugo (<https://www.deputacionlugo.org> - perfil do contratante).

2º. - DESCRIPCION DO CONTRATO

- Tipo de contrato: Obras.
- Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- Prazo de execución: O sinalado ao comezo do anuncio

3º. - TRAMITACION, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

- Tramitación: Ordinaria.
- Procedemento: Aberto

4º. - VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O que se sinala no comezo do anuncio

5º. - GARANTIAS

- Provisional: Non se esixe.
- Definitiva: O 5% sobre o importe de adjudicación, sen IVE.

6º. - REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA

- Clasificación: a indicada no encabezado
- Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación

establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. (Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusula 4.2)

- c) Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

7º. - PRESENTACION DE OFERTAS

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados dende o seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P.

b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.

c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.

No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 260186), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. (ver punto 1º)

d) Admisión de variantes: NON

e) Idioma: Castelán e Galego

8º. - CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)

- BARREIROS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6103 “DE TRABADA, POR FÓRNEA, A BARREIROS”, P.K. 11+940-17+331.

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	75
2) Melloras de obra	20
3) Plan de comunicación	5

- CORGO (O).- VARIANTE LU-P-1602 “DE SAN CRISTOBAL, POR ADAY, Á LU-106”, P.K. 1+540 – 3+200.

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	95
2) Plan de comunicación	5

9º. - APERTURA DE OFERTAS

a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.

b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.

c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

10º. - GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

11º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION

a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.

b) Plataforma de contratación do sector público

c) Teléfono: 982-260080 - 24

d) Fax: 982-260186

Lugo, 3 Agosto de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR, Manuel Castiñeira Castiñeira

CONCELLOS
MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 154 de 6 de xullo de 2017 o anuncio referente á exposición ó público do expediente de modificación de crédito 23/2017 mediante a modalidade de suplemento de crédito, aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2017 e transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

CAPÍTULOS DE INGRESOS	Importe
VIII	111.979,35
CAPÍTULOS DE GASTOS	Importe
II	111.979,35

Monforte de Lemos, 31 de xullo de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 2365

SAMOS

Anuncio

ASUNTO: Elevación automática a definitivo do acordo plenario adoptado en sesión de data 02/06/2017, de aprobación inicial da corrección de oficio do erro advertido no Anexo de Persoal do orzamento xeral para o exercicio de 2017

O Pleno da corporación, na sesión celebrada o día 2 de xuño de 2017 aprobou inicialmente a **corrección de oficio do erro advertido no Anexo de Persoal do orzamento xeral para o exercicio de 2017**.

O citado acordo plenario quedou elevado automaticamente a definitivo ao non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público, polo que de conformidade co disposto no artigo 169 do R.D.L. 2/2004, Texto Refundido da LRFL e artigo 20.3 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, faise público o Anexo de persoal do orzamento do exercicio 2017, coa corrección aprobada:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	Nº de dotacións	Nivel Cpto. de destino	Situación
FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN ESTATAL				
Secretaría-Intervención-Tesouraría	A1	1	26	Nomeamento provisional
FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL				
Administrativo	C1	1	19	Propiedade
Auxiliar administrativo	C2	1	18	Propiedade
Alguacil	E	1	10	Interinidade

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións	Situación
Encargado de obras e servicios	1	Propiedade
Operario Servizos Múltiples	1	Propiedade
Arquitecto	1	Vacante
Xerente de vivenda comunitaria	1	Vacante
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Propiedade
Asistente acompañante vivenda comunitaria	1	Propiedade
Coidadora vivendas comunitaria	2	Vacantes

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN	Nº de dotacións
Axudante de axuda a domicilio	8
Coidadora vivendas Comunitarias	4
Capataz	1
Operario Servizos múltiples	1
AEDL	1
Conductor tractor	1
Xefe de brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	1
Peón brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	3
Peón conductor brigada incendios (Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	1
Condutores vehículo motobomba ((Convenio de Colaboración Cª Medio Rural e do Mar)	3

D) PERSOAL INTERINO:

DENOMINACIÓN POSTO	Nº de dotacións
Coidadora Vivenda Comunitaria	1

Segundo dispón o artigo 171 do mesmo Real Decreto, contra este expediente poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

Samos, 28 de xullo de 2017.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 2369

O VALADOURO

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚMERO 195/2017

A convocatoria e bases específicas para a elaboración de listaxe de emprego temporal de Administrativo foron aprobadas por Resolución destas Alcaldía de data 18 de xullo de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 172 de data 28 de xullo de 2017.

Nas mesmas produciuse erro no senso que se sinala:

Na base 8.2, apartado a), sinálase:

a) Desempeñar ou ter desempeñado o/a praza/pasta/emprego ou similar a/o que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, como persoal funcionario ou contratado laboral.

-No caso que se desempeñe a mesma praza/posto/emprego, valorarase a razón de 0,0084 puntos por mes.

-Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0,084 se este fose de grupo de titulación superior, 0,063 se fose do mesmo grupo de titulación e 0,042 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

Cando debería dicir:

a) Desempeñar ou ter desempeñado o/a praza/pasta/emprego ou similar a/o que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, como persoal funcionario ou contratado laboral.

-No caso que se desempeñe a mesma praza/posto/emprego, valorarase a razón de 0,084 puntos por mes.

-Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0,084 se este fose de grupo de titulación superior, 0,063 se fose do mesmo grupo de titulación e 0,042 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que as Administracións Públicas poderán así mesmo rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto todo o anterior,

RESOLVO

PRIMEIRO. A corrección dos erros detectados na Resolución de referencia segundo se indicou, quedando en consecuencia do seguinte xeito:

a) Desempeñar ou ter desempeñado o/a praza/pasta/emprego ou similar a/o que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, como persoal funcionario ou contratado laboral.

-No caso que se desempeñe a mesma praza/posto/emprego, valorarase a razón de 0,084 puntos por mes.

-Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0,084 se este fose de grupo de titulación superior, 0,063 se fose do mesmo grupo de titulación e 0,042 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

SEGUNDO. Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para o seu coñecemento.

O Valadouro, 3 de agosto de 2017.- O Alcalde-Presidente, Edmundo Maseda Maseda

R. 2372

XOVE*Anuncio*

Faise público que con data 24 de maio de 2.017 formalizouse contrato de SERVIZO DE LIMPEZA DO C.E.I.P. DE XOVE, o que se publica aos efectos do artigo 154 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

1.- Entidade Adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Xove.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría/Intervención

c) Nº de expediente: SERV 01/17.

d) Dirección de Internet do Perfil de Contratante: www.xove.es

2.- Obxecto do contrato:

a) Tipo: Contrato administrativo de servizosobras

b) Descrición: Servizo de Limpeza do CEIP de Xove

d) CPV: 90910000-9 Servizos de Limpeza

e) Medio de publicación do anuncio de licitación: Boletín Oficial da Provincia

f) Data de publicación do anuncio de licitación: 04/04/2017

3.- Tramitación e procedemento:

a)Tramitación: Ordinaria

b)Procedemento: Aberto

4.- Orzamento base de licitación: Importe neto: 41.322´32 euros. IVE (21%): 8.677´68 euros. Importe total: 50.000´00 euros. (anuais)

5.- Prazo de execución: 2 anos.

6.- Adxudicación:

a) Data: 16 de maio de 2017

b) Contratista: Limpergal, S.L.

c) Importe: 35.738´00. IVE (21%): 7.504´98 euros. Importe total: 43.242,98 euros.(anuais)

Xove a 1 de AGOSTO de 2017.- O ALCALDE, J. Demetrio Salgueiro Rapa

R. 2368

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 28 DE XULLO DE 2017 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2017 E OS MODELOS DE SOLICITUDE.

BDNS(Identif.):358768

SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2017.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo SE pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo e recreativo (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e que desenvolvan a actividade no ámbito territorial da provincia, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada liña e de acordo coas condicións establecidas nas presentes Bases en cada unha das distintas liñas de axudas.

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade competitiva) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (organización de eventos deportivos) todos aqueles clubs, asociacións ou agrupacións deportivas e recreativas da provincia de Lugo (con sede e/ou delegación na provincia) que desenvolvan eventos deportivos de CARÁCTER PUNTUAL (duración entre 1-6 horas a máis de 80) na provincia de Lugo das modalidades e especialidades deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A destas bases con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, e especialmente ao abeiro de competicións oficiais organizadas pola Federación oficial respectiva e da súa normativa.

Segundo.Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo, e no seu caso recreativo, da provincia de Lugo- (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) - co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2017.

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada

B. Liña de axudas para a organización de eventos deportivos

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2017.

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

Contía: 485.000,00

O importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada - 400.000,00

B. Liña de axudas para eventos deportivos - 85.000,00

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria

Sexto. Outros datos

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación da subvencións.

Lugo, 4 de agosto de 2017.- O Presidente da Deputación, Darío Campos Conde

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 4 DE AGOSTO DE 2017 POLO QUE SE APROBA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO TEXTO DAS BASES DA CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2017, APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE XULLO DE 2017

BDNS(Identif.):358768

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da corrección de erros cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400 e na páxina web da Deputación de Lugo

Único. Obxecto da corrección de erros

Producido erro material no texto das bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2017, aprobadas na Xunta de Goberno de 28 de xullo de 2017, que se poden consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans> e na páxina web da Deputación de Lugo

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

en concreto erro material que consistiu na mala transcripción en letra do importe orzamentario previsto, e correctamente transcrito en número de acordo co reflectido no punto 6 da referida convocatoria e co documento de fiscalización, procédese a súa corrección en base ao acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 4 de agosto de 2017.

Lugo, 4 de agosto de 2017.- O Presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos Conde

R. 2385